- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	Sport. How can sport be a force for good?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais en textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns e próximos á experiencia do alumnado.	PE	27
CA1.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos cada vez máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais e dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia dos países onde se fala a lingua estranxeira		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.	Aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral dun texto e os detalles máis relevantes; inferir significados; buscar información veraz.	TI	73
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns próximo á experiencia do alumnado, co fin de informar, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta en soportes analóxicos e dixitais sobre asuntos varios de interese próximo ao alumnado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais empregando recursos físicos ou dixitais.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	- Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, en función da necesidade en cada momento		
CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa en distintos soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe,		
CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas en contextos comunicativos cotiáns, examinando vías de solución para factores socioculturais que dificulten a comunicación.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> </ul>



## Contidos

- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Aspectos xerais

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións utilizadas nas clases.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso haberá distintos niveis de dificultade nos exercicios de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfireregras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunhalinguaxe accesible e sempre tendo en conta que nondesaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

#### ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

As estratexias metodolóxicas son as referencias de como ensinar. Neste sentido, a educación concíbese como un proceso construtivo no que a relación e a actividade que manteñen o profesor/a e o alumno/a permiten unha aprendizaxe significativa. Esta concepción permite a funcionalidade da aprendizaxe, na medida en que o alumnado poida utilizar o aprendido en circunstancias reais.

Para lograr a aprendizaxe significativa imos partir das seguintes orientacións:

- Considerar o nivel de desenvolvemento do alumnado e as súas aprendizaxes previas
- Facilitar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o/a alumno/a
- Suscitar a interacción dentro da aula
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas mediante a memorización comprensiva, a reflexión e a axeitada actividade mental.

#### Actividades

##### Warm-up

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos. Isto adóitase facer a través de actividades de Warm-up nas que se dan oportunidades de expoñer as experiencias e coñecementos anteriores a través de:

- "Chuvia de ideas" para que os alumnos expresen o que saben sobre os contidos conceptuais que se integran na unidade didáctica,
- predición de contidos e dedución a partir da visualización, comentario de imaxes.
- visionado dun vídeo para anticipar os contidos da unidade
- tarefas de predición,
- breves discusións,
- Experiencias propias
- cuestionarios, etc.

##### De desenvolvemento

Destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. A aprendizaxe desta etapa da ESO supoñerá pois promover, reforzar e fixar a autonomía e as capacidades do alumnado co fin de perfilalas con maior precisión.

##### De reforzo

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Certo tipo de actividade é deliberadamente máis sinxelo, de tal maneira que todos os alumnos/as sexan capaces de levar a cabo a actividade con éxito. Ser capaces de levar a cabo con éxito pequenas actividades, como copiar listas de palabras, constitúe un factor importante para



os alumnos de asimilación máis lenta, ao contribuír de xeito importante a aumentar a confianza en si mesmos como aprendices de linguas estranxeiras.

De ampliación

Segundo se considere oportuno, pode dedicarse algunha sesión a actividades específicas de ampliación, as cales serán organizadas segundo o seu criterio, dependendo das necesidades educativas dos alumnos e dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Equipos informáticos
Caderniño
Material audiovisual
Podcast
Material da Editorial
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

No curso 22/23 O IES Illa de Arousa incorporouse de xeito total ao Programa Edixgal polo que cada docente dispón do seu propio equipo informático. Ademáis empregaranse outros materiais e recursos didácticos coma:.

Libro de texto en soporte papel e dixital  
 As novas tecnoloxías e material impreso  
 Biblioteca de aula e de centro

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación deberá ser parte integral do traballo con e dos alumnos. A avaliación inicial e dos contidos previos servirá para contemplar a diversidade dentro da aula.

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo ( por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	26	26	26	45	26	26	25	25	27	<b>28</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	74	74	74	55	74	74	75	75	73	<b>72</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 25% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 35% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 20%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. **PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 20%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. **INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. **MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. **PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7 **INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase será a resultante da aplicación da porcentaxe de 25%/35%/40%. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

### Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 80%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar de resposta curta.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

- Os alumnos/as con avaliación positiva nos tres trimestres farán actividades de ampliación que redundarán na mellora da nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A compresion de lectura, expresión oral, e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores.	X	X		X	X	X	X	
ET.5 - A igualdade de xénero.		X	X				X	
ET.6 - A creatividade		X		X			X	X
ET.7 - A educación para a saúde	X				X			X
ET.8 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X			X	X	X		X
ET.10 - O emprendemento social e empresarial						X		X
ET.11 - O fomento do espírito crítico e científico		X		X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - A compresion de lectura, expresión oral, e escrita	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X
ET.3 - Competencia dixital	X
ET.4 - A educación emocional e en valores.	
ET.5 - A igualdade de xénero.	X

	UD 9
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - A educación para a saúde	X
ET.8 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.9 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.10 - O emprendemento social e empresarial	
ET.11 - O fomento do espírito crítico e científico	X

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de cinema en lingua inglesa	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas	X	X	
Sesión de teatro	En coordinación cos centros da zona		X	X

#### Observacións:

A sesión de teatro estará supeditada a dispoñibilidade de fondos no Departamento. O Departamento de Inglés colaborará tamén coas actividades organizadas polo Departamento de Actividades Extraescolares, como o Magosto, Festival de Nadal, Letras Galegas etc.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi o adecuado as características do alumnado
Ao comenzo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van avaliar
<b>Metodoloxía empregada</b>
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Utilizáronse distintos instrumentos de avaliación
Dáse un peso real á observación do traballo na aula
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro da aula
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NAE
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado
<b>Clima de traballo na aula</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
<b>Outros</b>
O alumnado e as familias teñen acceso a programación

### Descrición:

Trimestralmente o profesor cubrirá un cuestionario con estes indicadores de logro nunha escala de un a catro.

- 1.- Nunca
- 2.- As Veces
- 3.- Case sempre
- 4.- Sempre.

Támén ao final de cada trimestre os alumnos cubrirán un cuestionario similar que avaliará a práctica docente na aula. A partir dos resultados obtidos nas dúas enquisas farase o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**